

Literatura infantil e xuvenil

Arquipélago desolador

Esclarecedor berro contra a inxustiza de An Alfaya que nos obriga a ollar para iso que ás veces queremos ignorar



An Alfaya volveu acadar outro recoñecemento á súa carreira literaria con *Illa soidade*, ao merecer a segunda edición do Premio de Literatura Xuvenil Fundación Caixa Galicia con esta novela que afonda nas relacións de Lucía, unha adolescente de dezaseis anos, cun grupo de vagabundos que adoita acollerse na praza onde esta vive. A íntima descuberta desa realidade nas marxes, a través da curiosidade e da palabra, reportaralle á protagonista un profundo crecemento interior e unha nova mirada sobre o cotián, alén da certeza de que a existencia componse, sobre todo, das diferentes caras de gris.

O texto acerta ao tratar, cunha poeticidade precisa e mesmo un tanto extrema, a cuestión adoito evitada da intolerancia, incidindo en que esa barreira de xeo que semella erguerse entre as persoas máis desfavorecidas economicamente e o resto da sociedade só é unha outra miraxe da vida, pois entre todos e todas existen as fronteiras persoais, porque cada un habita a súa particular illa Soidade.

A ficción xérase a partir dalgúns lugares comúns dentro da escrita de Alfaya: a voz narrativa en primeira persoa dunha moza, que alterna coas páxinas do diario dunha esmoleira –a escoita de persoas con problemas é un saudábel acto de apertura ao mundo ao que xa está acostumado o lectorado desta autora–, a evidencia de que o mal existe ben preto de nós, a mostra literaria dos claros-



An Alfaya. // Arquivo

de –encarnación da liberdade–, así como tamén Zacarías –personificación do mal–, conteñen todo o simbolismo co que Alfaya gusta de adobiar as súas narracións; non obstante, nesta ocasión os roles de cada un dos caracteres está demasiado delimitado, propiciando que o final da ficción sexa un chisco previsible e deixe un excesivo sabor de novela adolescente.

Illa soidade conta, ademais, con outros aspectos pouco perfilados dende o punto de vista narrativo, como o caderno de bitácora de Soa, que ten unha parte un tanto inverosímil –pois non está pensado, primeiramente, para que Lucía o lea, tal e como logo semella no texto–, ou a escasa xustificación que se achega do feito que a protagonista lembre o sucedido dous anos despois de que

A forza da utopía

LiX F. Castro ensaia unha ficción ecoloxista no seu *O ceo dos afogados*



Das palabras do poeta drianxeiro Manuel Antonio válese Francisco Castro para titular a súa última contribución á literatura para mozos e mozas, *O ceo dos afogados*, como se vale tamén dos desastres naturais causados pola especie humana para ensarillar o enxeñoso argumento da novela, unha ficción ecoloxista pouco ensaiada ata o de agora polos autores galegos. A obra, finalista do segundo Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, eríxese así nunha sorte de utopía da natureza, na que os golfinhos, concentrados en doce puntos diferentes do planeta e emitindo constantemente os mesmos sons, lideran unha revolución tan silandeira coma misteriosa por un motivo que só entenderán uns poucos e que o lectorado irá descubrindo paseniñamente.

Alén desta tensión perfectamente fiada, a novela acerta ao construírse dende diferentes voces e visións narrativas –o que semella dotala dunha maior obxectividade e dun multiperspectivismo moi necesario para o tema– e, so-

bre todo, ao colocar no lugar protagonista a Jonathan. Este mozo de quince anos, cun síndrome descoñecido que lle dificulta a comunicación coas persoas e que o dota dunha especial capacidade para comprender aos animais, é un novo Mowgli destinado a axudar os delfíns na súa loita. A súa figura eríxese nun exemplo de respecto e comprensión cara ao mundo animal e o mundo natural e nunha pacífica arma contra a soberbia humana, pois se algo nos ensina Castro nestas liñas é que cómpre escoitar todos os seres vivos que nos arrodean, mais tamén ás persoas que se saen do canon prefixado pola sociedade.

Non obstante, o sentido d'*O ceo dos afogados* vai máis alá, pois a súa denuncia non se centra unicamente no desleixamento polo planeta, senón tamén na insensibilidade que amosan determinados seres nalgunhas situacións, no mercantilismo que propugnan numerosas empresas e no silencio e a confusión que emanan os medios de comunicación ante cuestións de interese xeral. O pouso que fica desta obra deixa entrever que, a forza, digan o que digan, segue a estar nos que maxinan e pulan pola utopía.

// M. P. P.

A descuberta da realidade nas marxes reportaralle á protagonista unha nova mirada sobre o cotián, alén da certeza de que a existencia componse, sobre todo, das diferentes caras de gris

curos vitais –especialmente cando estes son consecuencia da perda dos propios soños– e a presenza da violencia eríxense case en tópicos na poética da escritora vaguesa. Nesta mesma liña, algúns personaxes do texto, especialmente Soa –a vagabunda con quen máis contacto terá Lucía– e Jean Clau-

aconteza. Aínda así, a novela constitúese nun esclarecedor berro contra a inxustiza, ese que nos obriga a asomarnos ás beiras dese arquipélago desolador que está na rúa e que ás veces pretendemos ignorar para que non nos fira.

// Montse Pena Presas